

Facultade de Enfermaría e Podoloxía



TRABALLO DE FIN DE GRAO EN ENFERMERÍA

Curso académico 2017/18

**Métodos de relaxación enfermeiros como tratamento do
insomnio en pacientes oncolóxicos, unha revisión
sistemática.**

Sonia Ledo Lançao

Director(es): María Sobrido Prieto

CONTENIDO

1.	INTRODUCCIÓN	6
1.1	Insomnio	6
1.1.1	Consecuencias funcionais.....	7
1.1.2	Tratamento	8
1.2	Pacientes oncolóxicos.....	8
1.3	Terapias de relaxación.....	9
2.	FORMULACIÓN DA PREGUNTA DE ESTUDIO E OBXETIVOS.....	11
2.1	Pregunta de estudio	11
2.2	Obxectivo xeral	11
2.3	Obxectivos específicos.....	11
3.	METODOLOGÍA	12
3.1	Criterios de selección.....	12
3.2	Establecemento de variables.....	12
3.3	Buscas	13
3.4	Eliminación de duplicados e selección de estudos.....	13
3.5	Avaliación da calidade metodolóxica	13
1.	RESULTADOS.....	15
1.1	Resultados das revisións sistemática	15
1.2	Resultados dos estudos orixinais.....	15
1.2.1	PMR	15
1.2.2	Mindfulness	19
2.	DISCUSIÓN	25
2.1	Limitacións e sesgos da revisión.....	27
3.	CONCLUSIÓNS.....	29
1.	BIBLIOGRAFÍA	30
	ANEXOS.....	32
	ANEXO I: BÚSCA BIBLIOGRÁFICA.....	33
	A.- Busca de revisións sistemáticas	33
	B.- Busca de ensaios clínicos.....	34
	ANEXO II: Selección dos estudos orixinais.....	38
	ANEXO III: CONSORT 2010.....	45

ACRÓNIMOS Y SIGLAS

- CONSORT: Consolidated Standards of Reporting Trials
- ECA: ensaio clínico aleatorizado
- GI: imaxinación guiada
- MDASI: M. D. Anderson listado de síntomas
- PMR : relaxación muscular progresiva
- PSQI : Índice de calidade do sono de Pittsburgh
- SDS: escala de síntomas de angustia
- TCC : terapia cognitiva conductual

RESUMO ESTRUTURADO

Introdución: o insomnio consiste nun trastorno da cantidade e calidade do sono que deteriora o funcionamento normal, esta enfermidade demostrouse frecuente en pacientes oncolóxicos. Un abordaxe enfermeiro alternativo actual son as técnicas de relaxación. A musicoterapia, meditación, relaxación muscular progresiva, respiración rítmica e relaxación mandibular son técnicas que favorecen ou inducen a relaxación con obxecto de diminuír signos e síntomas indesexables como a dor ou a ansiedade.

Obxectivo: coñecer se existe evidencia científica sobre a efectividade dos métodos de relaxación empregados pola enfermaría para o tratamento do insomnio en pacientes oncolóxicos.

Metodoloxía: Levouse a cabo unha revisión sistemática sobre o tema de estudo. Durante o mes de marzo do 2018 realizouse una busca bibliográfica en primeiro lugar de revisións sistemáticas na base de datos Medline e en segundo lugar de artigos orixinais en 5 bases de datos (PubMed, PsycINFO, Scopus, Web of Science y CINAHL). A selección de estudos realizouse mediante una lectura en tres pasos, título, resumo e lectura crítica do texto completo. Quedándonos finalmente con aqueles que cumprían os nosos criterios de selección e unha calidade metodolóxica adecuada segundo a checklist da declaración CONSORT 2010.

Resultados: Non se atopou ningunha revisión sistemática que trate o tema de estudo. En cambio atopáronse, tras eliminación de duplicados co xestor de referencias, 33 estudos orixinais, dos cales só catro foron seleccionados segundo ós criterios de selección. So se atoparon estudos sobre a relaxación muscular progresiva (PMR) e o Mindfulness. Os cales segundo os datos obtidos resultaron demostrarse eficaces no tratamento do insomnio.

Conclusión: Insomnio e cáncer están intimamente ligados, nesta revisión demostramos a eficacia das técnicas de relaxación, Mindfulness e PMR, como mellora do sono e por conseguinte como tratamento do insomnio.

Palabras clave: *insomnio, terapias de relaxación, pacientes oncolóxicos*

RESUMEN ESTRUCTURADO

Introducción: El insomnio consiste en un trastorno de la cantidad y la calidad del sueño que deteriora el funcionamiento normal, esta enfermedad se demostró frecuente en pacientes oncológicos. Un abordaje enfermero alternativo actual son las técnicas de relajación. A musicoterapia, meditación, relajación muscular progresiva, respiración rítmica y relajación mandibular son técnicas que favorecen o inducen la relajación con objetivo de disminuir signos y síntomas indeseables como el dolor o la ansiedad.

Objetivo: conocer si existe evidencia científica sobre la efectividad de los métodos de relajación empleados por la enfermería para el tratamiento del insomnio en pacientes oncológicos.

Metodología: se llevó a cabo una revisión sistemática sobre el tema de estudio. Durante el mes de marzo de 2018 se realizó una búsqueda bibliográfica, en primer lugar de revisiones sistemáticas en la base de datos Medline y en segundo lugar de artículos originales en 5 bases de datos (PubMed, PsycINFO, Scopus, Web of Science y CINAHL). La selección de estudios se realizó mediante una lectura en tres pasos, título, resumen y lectura crítica del texto completo. Quedándonos finalmente con aquellos que cumplían nuestros criterios de selección y una calidad metodológica adecuada según la checklist de la declaración CONSORT 2010.

Resultados: No se encontró ninguna revisión sistemática que trate el tema de estudio. En cambio se encontraron, tras eliminación de duplicados con el gestor de referencias, 33 estudios originales, de los cuales solo cuatro fueron seleccionados segundo los criterios de selección. Solo encontramos estudios sobre la relajación muscular progresiva (PMR) y el Mindfulness. Las cuales según los datos obtenidos resultaron demostrarse eficaces en el tratamiento del insomnio.

Conclusión: Insomnio y cáncer están íntimamente ligados, en esta revisión demostramos la eficacia de las técnicas de relajación, Mindfulness e PMR, como mejora del sueño y por consiguiente como tratamiento del insomnio.

Palabras clave: *insomnio, terapias de relajación, pacientes oncológicos*

STRUCTURED SUMMARY

Introduction: the insomnia consist in a disorder of the sleep quantity and quality that damage the normal functioning. This illness demonstrate frequent in oncologic patients. A present alternative nursing approach are relaxation techniques. Music therapy, meditation, progressive muscular relaxation, rhythmic breath and jaw relaxation are techniques that favour or induce the relaxation to decrease undesirable signs and symptoms like pain or anxiety

Aim: to know the existence of scientific evidence about the effectiveness of the relaxation techniques employed by the nursing as insomnia treatment in oncologic patients.

Methodology: we accomplish a systematic review about the studied topic. During the month of March of 2018, we conduct a bibliographic search. First of all a search of systematic reviews in the database Medline. Secondly, a search of original articles in five databases (PubMed, PsycINFO, Scopus, Web of Science and CINAHL). Articles selection were carried out by a three steeps reading, title, summary and a critique reading of the complete text. Finally, we remain with those articles that achieve ours selection standards and an adequate methodologic quality according to the checklist of CONSORT 2010 declaration

Results: we did not find any systematic review about our topic. However, we found 33 original studies, after duplicates elimination with a bibliographic manager. Of which only four were selected according to our selection standards. We only found studies about progressive muscular relaxation (PMR) and Mindfulness. Of which according to the data obtained demonstrated effective in the treatment of insomnia.

Conclusion: Insomnia and cancer are closely connected, in this systematic review we prove the efficacy of the relaxation therapies, Mindfulness and PMR, as improvement of sleeping and therefore as insomnia treatment.

Key words: *insomnia, relaxation therapy, oncologic patients*

1. INTRODUCCIÓN

1.1 Insomnio

Dormir é unha actividade absolutamente necesaria xa que, durante a mesma, lévanse a cabo funcións fisiolóxicas imprescindibles para o equilibrio psíquico y físico dos individuos.⁽¹⁾

Cando existen problemas co sono, e estes sobrepasan certa intensidade ou superan a capacidade adaptativa da persoa, é cando convértense en patolóxicos, provocando malestar significativo con síntomas que afectan tanto a esfera física, como a psicolóxica e a conductual.⁽¹⁾

Un dos problemas patolóxicos do sono máis coñecidos é o insomnio. Se ben existen diferentes definicións e criterios diagnósticos para esta patoloxía no noso traballo tomaremos como referencia os enfermeiros avalados pola NANDA.

Segundo a NANDA⁽²⁾ o insomnio (00095) é un trastorno da cantidade e calidade do sono que deteriora o funcionamento normal.

CARACTERÍSTICAS DEFINITORIAS

- | | |
|-------------------------------------|--|
| - Alteración da concentración | - Dificultade para manter o sono |
| - Aumento de accidentes | - Diminución da calidade de vida |
| - Aumento de absentismo | - Enerxía insuficiente |
| - Cambios de humor | - Estado de saúde comprometido |
| - Cambios no patrón de sono | - Insatisfacción co sono |
| - Cambios na emotividade | - Patrón de sono non reparador |
| - Espertar temperan | - Trastorno do sono que produce consecuencias o día seguinte |
| - Dificultade para conciliar o sono | |

FACTORES RELACIONADOS

- | | |
|---|---|
| <ul style="list-style-type: none"> - Axentes farmacolóxicos - Ansiedade - Cambio hormonal - Consumo de alcohol - Depresión - Duelo - Factores ambientais - Factores estresantes | <ul style="list-style-type: none"> - Hixiene do sono inadecuada - Actividade física diaria media inferior a recomendada segundo sexo e idade - Malestar físico - Sestas frecuentes - Temor |
|---|---|

Non existen cifras claras de prevalencia do insomnio a nivel da poboación xeral. Varían en cada estudo en función da definición de insomnio empregada. De forma que, para a definición empregada noso estudo a prevalencia varia entre un 9%-15% e un 8%-18%. ⁽¹⁾

1.1.1 Consecuencias funcionais

O paciente con insomnio ten problemas que afectan tanto a súa saúde, a percepción da mesma, así como a seu funcionamento social e laboral. ^{(1) (3)}

Como consecuencias funcionais do insomnio atopamos de forma frecuente fatiga diúrna xunto con alteracións de humor tales como irritabilidade, disforia, tensión, indefensión ou labilidade afectiva. Este tipo de pacientes tamén acostuman presentar queixas somáticas, tipicamente gastrointestinais, respiratorias, dores de cabeza, e dores non específicos. Amais o insomnio asociase a un posible aumento do risco de depresión, hipertensión e infarto de miocardio. ^{(1) (3, 4)}

Todos estes cambios emocionais, cognitivos e conductuais ocasionan problemas interpersoais, sociais e laborais como o diminución da atención e da concentración, aumento do absentismo ademais do aumento do risco de ter accidentes de traballo e de tráfico. Todo isto revirte nunha diminución considerable da calidade de vida. ^{(1) (3)}

O insomnio é unha co-morbidade frecuente en moitas afeccións médicas, de maneira que os problemas médicos aumentan o risco de padecer insomnio e ao mesmo tempo o insomnio aumenta o risco de afeccións médicas. ⁽³⁾

1.1.2 Tratamento

Existen numerosos tratamentos para o insomnio, as intervencións terapéuticas máis utilizadas poderían clasificarse en:

- Intervencións non farmacolóxicas:
 - Medidas de hixiene do sono e educación para a saúde: comprenden unha serie de hábitos de conducta e de información que facilitan o inicio ou mantemento do sono e que son o denominador común de toda intervención terapéutica utilizada para os trastornos do sono. Exemplos de estas medidas son deitarse so cando se teña sono ou levantarse todos os días a mesma hora. ⁽¹⁾
 - Intervencións psicolóxicas: Teñen como obxectivo modificar as condutas e cognicións aprendidas con respecto o sono e que son factores que perpetúan ou exacerban as perturbacións do sono. ⁽¹⁾
- Intervencións farmacolóxicas: están sendo empregadas de forma constante como tratamento dos trastornos de sono-vixilia, sen embargo os efectos secundarios limitan o seu uso a longo prazo. ⁽⁵⁾ O tratamento farmacolóxico debe ser unha medida coadxuvante dentro do modelo de tratamento integral del insomnio. ^(1, 6)

En cada decisión de intervención terapéutica a enfermería ten o seu propio plan de coidados cas súas intervencións específicas, un exemplo de estas son os NICs ⁽⁷⁾ *manexo ambiental: confort* facilitando comodidades óptimas do entorno; *mellorar o sono* con medidas de hixiene do sono para facilitar o sono; ou as *terapias de relaxación* que facilitan a relaxación do paciente e das que falaremos máis adiante. ⁽⁷⁾

1.2 Pacientes oncolóxicos

Segundo datos do sistema nacional de saúde español (8) o igual que ocorre na maior parte dos países occidentais, en España, o cancro é na actualidade unha das enfermidades ou grupos de enfermidades de maior relevancia en termos de saúde pública. Os tumores malignos foron a segunda causa de morte en España nas últimas décadas, cun total de 112.939 mortos no ano 2016. Amais das altas taxas de mortalidade, o cancro leva asociada una elevada carga de morbilidade. ^{(8) (9)}

As interrupcións do sono son frecuentes en moitos pacientes con cancro e teñen un efecto substancial no seu día a día. Segundo diferentes artigos ^{(10) (11) (12)} estes problemas para durmir teñen sido diagnosticados durante toda a duración do cancro, durante toda a traxectoria do seu tratamento, tanto antes como despois do inicio da quimioterapia, antes e despois de intervencións quirúrxicas e incluso en pacientes que xa superaron a enfermidade.

Cun índice de prevalencia do dobre comparándoos coa poboación xeral, un 50-60% fronte a o 9-18% xa mencionado, este tipo de pacientes son especialmente vulnerables o insomnio. ^{(10) (11)}

O insomnio asociado o cancro esta relacionado con unha diminución substancial da calidade de vida, cunha función inmune prexudicada, con problemas de memoria, coa fatiga relacionada co cancro, coa diminución da supervivencia e incluso hai estudos que determinan posibles implicacións na progresión tumoral. ^{(10) (11)}

A pesares de todo o mencionado, o insomnio é habitualmente infravalorado e mal manexado.

1.3 Terapias de relaxación

A implicación dos profesionais de enfermería no tratamento do insomnio é fundamental, tanto nos abordaxes individuais como grupais, en Atención Primaria e nos centros de Saúde Mental. ⁽¹⁾ As terapias de relaxación son unha das posibles intervencións da enfermería no tratamento do insomnio.

Segundo a NIC⁽⁷⁾ as terapias de relaxación consisten no uso de técnicas para favorecer e inducir a relaxación con obxecto de diminuír os signos e síntomas indesexables como dor, tensión muscular ou ansiedade.

- **Músicoterapia:** emprego da música para axudar a conseguir un cambio específico de conductas, sentimentos ou fisiolóxico. ⁽⁷⁾
- **Meditación:** Consiste en silenciar a mente, para liberala de tensións e pensamentos que a perturban. Axuda a percibir con maior claridade o que é verdadeiramente importante. Nunha posición cómoda, relaxa o corpo e transmítese un mensaxe de paz a mente. ⁽¹³⁾ Unha das técnicas de meditación mais coñecidas é o Mindfulness, que consiste na

atención plena, tratase de lograr un estado de actividade e esforzo en equilibrio, deixando correr os pensamentos e emocións sen xulgalos ou modificalos, solo observándoos. ⁽¹⁴⁾

- Respiración rítmica: é unha técnica respiratoria na que o ritmo ten un papel fundamental. A unidade de tempo é o latido propio de cada un. As unidades de inspiración e expiración son as mesmas mentres que as unidades de retención e intervalo son a metade. De forma práctica o paciente nunha posición cómoda fai unha inspiración completa en 6 latidos, reten o alento durante 3 latidos, exhala durante outros 6 latidos e conta tres unidades antes de reiniciar. ⁽¹⁵⁾
- Relaxación mandibular: a relaxación da mandíbula e dos músculos da cara é moi importante pero difícil de conseguir, os exercicios de relaxación mandibular reducen a dor e eliminan a tensión na articulación. Exemplos de diversos exercicios serían nunha posición cómoda, abrir a mandíbula e mantela aberta ca presión da propia man ou intentar abrila co peso dun puño baixo ela, abrindo e pechando; despois levar a lingua o padal e intentar abrir a boca sen separar a lingua manter mentres se respira e se exhala 2 veces e repetir; ou exercer presión sobre os músculos da mandíbula para que eliminen tensión. ⁽¹⁶⁾
- Relaxación muscular progresiva: consiste na facilitación da tensión e relaxación de grupos musculares sucesivos mentres prestase atención as diferencias de sensibilidade resultantes. O paciente debe tensar, durante 5-10 segundos, cada un dos 8-16 grupos musculares principais, e centrar a mente na sensación que producen os músculos cando tensan e relaxan. ⁽⁷⁾

Este tipo de terapias son consideradas terapias alternativas de nova inclusión no uso enfermeiro. ⁽⁷⁾ A súa facilidade de implantación, baixo custo e falta de contraindicacións fai necesaria a determinación real da súa eficacia xa que actualmente mantense en dúbida para a súa implantación de forma protocolaria.

2. FORMULACIÓN DA PREGUNTA DE ESTUDIO E OBXETIVOS

2.1 Pregunta de estudio

¿Son eficaces os métodos de relaxación enfermeiros para o tratamento do insomnio en pacientes oncolóxicos?

2.2 Obxectivo xeral

➤ O obxectivo do noso estudio é coñecer si existe evidencia científica sobre a efectividade dos métodos de relaxación empregados pola enfermaría para o tratamento do insomnio en pacientes oncolóxicos.

2.3 Obxectivos específicos

- Coñecer se os métodos son máis efectivos en relación o xénero.
- Coñecer se os métodos son máis efectivos en relación a idade (adulto novo o adulto maior).
- Coñecer os parámetros do sono que melloran co tratamento.

3. METODOLOGÍA

3.1 Criterios de selección

- Tipo de paciente: Pacientes adultos oncológicos maiores de 18 años, con insomnio ou con risco de padecelo.
- Tipo de intervención: para a elaboración de este traballo, teremos en conta as técnicas de relaxación recoñecidas por o NIC: terapia de relaxación, empregadas en solitario ou xunto con outras técnicas.
 - Musicoterapia
 - Meditación (incluiremos tamén Mindfulness)
 - Respiración rítmica
 - Relaxación mandibular
 - Relaxación muscular progresiva
- Tipo de documento
 - Idiomas: seleccionáronse traballos escritos en inglés, castelán e portugués
 - Anos: Limitase a busca os últimos 10 anos co fin de revisar a literatura científica máis actual en relación o tema de investigación.
 - Tipo de estudo: revisións sistemáticas, ensaios clínicos aleatorizados (ECA) e estudos cuasi-experimentais.

3.2 Establecemento de variables

- Tipo de estudio
- Tipo de terapia
 - Música
 - Meditación/Mindfulness
 - Respiración rítmica
 - Relaxación mandibular
 - Relaxación muscular progresiva
- Idade dos participantes
- Xénero dos participantes
- Tempo de intervención

➤ Calidade do sono

3.3 Buscas

Co fin de localizar a información científica relevante sobre o tema de estudo, en marzo de 2018 levouse a cabo unha busca nas principais bases de datos. A estratexia de busca aparece no ANEXO I.

3.4 Eliminación de duplicados e selección de estudos

Tras realizar a busca bibliográfica, exportamos os nosos datos o xestor de bibliografía, no noso caso EndNote, co fin de xestionar os documentos e eliminar os duplicados.

Dos 53 artigos totais, detectáronse e elimináronse 20 duplicados, quedándonos un total de 33 artigos.


Realizamos unha lectura en tres pasos (título, resúmen e texto completo) de estes 33 artigos. Segundo o primeiro análise tanto do título como do resúmen fíxose unha primeira selección de 7 de eles para a súa lectura crítica. (ANEXO I)

3.5 Avaliación da calidade metodolóxica

Para avaliar a calidade metodolóxica dos artigos seleccionados empregamos a checklist da declaración CONSORT 2010 ⁽¹⁷⁾. Esta declaración conta de 25 ítem críticos que deberían incluírse en todo ECA (ANEXO II).

	Demiralp M. ⁽¹⁸⁾	Langacher CA. ⁽¹⁹⁾	Zhang R ⁽²⁰⁾	Yang XL. ⁽²¹⁾
RESULTADO	13.5/25	15/25	16.5/25	16.5/25

Fig. 1. Diagrama de fluxo do proceso de selección de estudos orixinais



1. RESULTADOS

1.1 Resultados das revisións sistemática

A busca inicial de revisións sistemáticas non identificou a existencia de ningunha revisión que trate o tema de estudo.

1.2 Resultados dos estudos orixinais

Con respecto os estudos orixinais localizamos un total de 4 artigos ⁽¹⁸⁾ ⁽¹⁹⁾ ⁽²⁰⁾ ⁽²¹⁾ sobre terapias de relaxación, obtendo un tamaño de mostra de 228 persoas, das cales 114 realizaron terapias de relaxación (GI) e outras 114 recibiron os coidados habituais (GC). Os datos relevantes en relación as nosas variables de estudo atópanse resumidos na TÁBOA III.

Todos os estudos tiñan un deseño tipo experimental, sendo todos ensaios clínicos aleatorizados (ECA) a excepción do Demiralp M. ⁽¹⁸⁾ que consiste nun estudo cuasi-experimental prospectivo.

Segundo o tipo de terapia de relaxación, dous de eles ⁽¹⁹⁾ ⁽²⁰⁾ empregaban o Mindfulness como método de relaxación, mentres que os outros dous estudos ⁽¹⁸⁾ ⁽²¹⁾, empregaban a relaxación muscular progresiva (PMR). Yang XL. ⁽²¹⁾ empregou ademais imaxinación guiada (GI) xunto con a PMR.

Co fin de valorar a efectividade de ambas técnicas, valoramos separar os artigos en dúas táboas:

1.2.1 PMR

Con respecto deseño metodolóxico ambos estudos eran de tipo experimental, sen embargo un é un ECA⁽²¹⁾ mentres o outro consiste nun estudo cuasi-experimental prospectivo ⁽¹⁸⁾. Cun tamaño mostral de 82 pacientes, dos cales 40 realizaron terapias de relaxación (GI) e outras 42 recibiron os coidados habituais (GC).

Como xa mencionamos ambos estudos empregan PMR, sen embargo Yang XL. ⁽²¹⁾ emprega amais a GI xunto ca PMR.

Os dous estudos demostraron que a PMR é eficaz no tratamento do insomnio xa que demostraron a mellora exponencial do sono dos pacientes sometidos a intervención, podemos afirmar isto dado os datos estatisticamente significativos obtidos como mostramos na TÁBOA I. Sen embargo estes resultados teñen que tomarse con certa cautela polas seguintes razóns; a) o pequeno tamaño das mostras. E b) A calidade do sono en ambos estudos foi analizada con diferentes escalas (Demiralp M. ⁽¹⁸⁾ empregou a PSQI que é unha escala específica para avaliar a calidade subxectiva do sono onde unha puntuación maior de 5 indica sono pobre; Yang XL. ⁽²¹⁾ empregou a SDS que mide os síntomas de angustia e que consta de un ítem para avaliar a presenza de insomnio).

Ambos estudos realizaron en 4 medicións en 4 ocasións distintas. Relacionando as medicións cos resultados atopamos que na primeira medición que ambos realizaron pre intervención non había diferenza estatisticamente significativa ($p > 0.05$) entre o grupo de control e o de ensaio. Na segunda medición existen resultados distintos en relación o estudo, mentres en Demiralp M. ⁽¹⁸⁾ que realizou a medición o 7º día, continua sen haber diferenza estatisticamente significativa ($p > 0.05$) en Yang XL. ⁽²¹⁾ que realizou a medición dúas semanas despois do inicio das terapias si se determina diferenza estatisticamente significativa ($p < 0.05$) entre o grupo de control e o de ensaio. Na 3ª e 4ª medición a pesares de ser realizada en ocasión distintas, día 43 e día 90 ⁽¹⁸⁾ ou 4ª semana (última semana de intervención) e dúas semanas tras finalización⁽²¹⁾; ambos estudos determinaron a existencia de diferenza estatisticamente significativa ($p < 0.05$) en ambas medicións.

Con respecto ao tempo de duración da intervención atopamos que a duración das sesións en ambos estudos era semellante, sobre 30 minutos de intervención. Sen embargo, no estudo de Demiralp M. ⁽⁹⁾ os 30 minutos son exclusivos de PMR e no estudo de Yang XL. ⁽²¹⁾ de eses 30 minutos os 10 finais son de GI realizados mediante unha gravación de MP3. Amais o número total de sesións varía de 8 sesións non consecutivas en 95 días ⁽¹⁸⁾ a 20 sesións diarias (exceptuando fines de semana) en 4 semanas (28 días) ⁽²¹⁾.

Non se apreciou diferenza entre os resultados con respecto a duración. Tampouco se atoparon datos da efectividade das técnicas de relaxación con respecto o mesmo.

Con respecto o xénero e a idade dos participantes de ambos estudos atopamos certas diferencias, ambos limitan en idade, sen embargo mentres Demiralp M. ⁽¹⁸⁾ limita a mulleres con idades comprendidas entre 25-65, Yang XL. ⁽²¹⁾ selecciona un rango máis amplo aceptando homes e mulleres con idades entre 18-80.

Non se apreciou diferenca entre os resultados con respecto a xénero e idade. Tampouco se acharon datos da efectividade das técnicas de relaxación en relación o xénero e a idade.

TÁBOA I : ESTRACCIÓN DE DATOS SOBRE PMR

Artigo	Tipo de estudo	Tamaño da mostra	Idade	Xénero	Tempo de intervención	Calidade de sono.		
						Medición	Nº de medicións	Resultados
Demiral p M. ⁽¹⁸⁾	Cuasi-experimental prospectivo	27 (GE = 14, GC = 13)	25-65	Mulleres (cancro de peito)	<ul style="list-style-type: none"> - Sesións de 25-30 min - 1º e 5º día de cada ciclo de quimioterapia (durante 4 ciclos) - TOTAL: 8 sesión (non consecutivas) en 95 días. 	PSQI (puntuación > 5 = calidade do sono pobre)	4 medicións 1ª Antes do inicio de PMR e do inicio da quimioterapia. 2ª Día 7, 1º ciclo de quimio con PMR xa iniciada 3ª Día 43, 1º día do 3º ciclo, 4ª Día 90, 4º ciclo,	1ª GC e GI > 5 (p > 0.05) 2ª GC ± 7, GI ± 5 (p > 0.05) 3ª GC > 5, GI < 5 (p < 0.05) 4ª GC > 5, GI < 5 (p < 0.05)
Yang XL. ⁽²¹⁾	ECA	79 (GE PMR = 26, GE caligrafía China = 24 GC = 29)	18-80	Homes e mulleres	<ul style="list-style-type: none"> - Sesións de 20 min diarios de PMR, 5 días a semana 4 semanas consecutivas - Sesións de 10 min IG despois de cada sesión de PMR, mediante unha gravación de mp3. - TOTAL: 20 sesións (non consecutivas) en 28 días 	SDS (ítem - insomnio)	4 medicións SCS: 1ª Pre-intervención 2ª 2 semanas despois do inicio 3ª Última semana de intervención 4ª 2 semanas despois de acabar a intervención.	1ª GC vs GI P = 0.936 (P > 0.05) 2ª GC vs GI P = 0.001 (p < 0.05) 3ª GC vs GI P = 0.004 (p < 0.05) 4ª GC vs GI P = 0.003 (p < 0.05)

1.2.2 Mindfulness

Ambos estudos eran ECA ⁽¹⁹⁾ ⁽²⁰⁾, cun tamaño mostral de 146 pacientes, dos cales 74 realizaron terapias de relaxación (GI) e outros 72 recibiron os cuidados habituais (GC).

Os estudos demostraron que o Mindfulness é eficaz no tratamento do insomnio xa que demostraron mellora do sono dos pacientes sometidos a intervención, podemos afirmar isto dado os datos estatisticamente significativos obtidos como mostramos na TÁBOA II. Sen embargo igual que ocorre ca PMR, os datos deben tomarse con certa cautela por dúas razóns: a) o pequeno tamaño das mostras e b) A calidade do sono en ambos estudos foi analizada con diferentes escalas, a PSQI⁽²⁰⁾, escala para avaliar a calidade subxectiva do sono; MDASI⁽¹⁹⁾ que consiste nun listado de síntomas que inclúe un ítem específico para os problemas do sono.

Ambos estudos realizaron 2 medicións pre e post intervención.

Relacionando as medicións cos resultados atopamos que Lengacher CA.⁽¹⁹⁾ non nos aporta a comparación dos datos iniciais, é dicir, a comparación dos resultados de partida entre o grupo de control e o de ensaio. So aporta datos acerca da comparación final entre a medición pre e post intervención de cada grupo. Na que tanto o grupo de control como o de ensaio teñen diferenza estatisticamente significativa ($p < 0.05$) entre os resultados o inicio e os resultados finais. Sen embargo o resultado do grupo de ensaio é menor e máis significativo ($p < 0.01$). O xa mencionado fai que estes resultados finais deban tomarse con certa cautela.

No estudo de Zhang R ⁽²⁰⁾ en cambio, atopamos que na primeira medición pre-intervención tanto no grupo de control como o de ensaio non había diferenza estatisticamente significativa ($p > 0.05$). Na segunda medición post-intervención en cambio determinouse a existencia de diferenza estatisticamente significativa ($p < 0.05$) entre o grupo de control e o grupo de ensaio.

Con respecto ao tempo de duración da intervención atopamos que a duración das sesións e o tempo de intervención en ambos estudos era diferente, no estudo de Lengacher CA.⁽¹⁹⁾ a duración das sesións foi de 2h durante 6 semanas mentres que no estudo de Zhang R ⁽²⁰⁾ a duración das sesións foi de 30-40 minutos durante 5 semanas. Non se apreciou diferenza entre os resultados con respecto a duración. Tampouco se atoparon datos da efectividade das técnicas de relaxación con respecto o mesmo.

Con respecto o xénero e a idade dos participantes de ambos estudos tamén atopamos diferencias, mentres Lengacher CA. ⁽¹⁹⁾ limita en xénero a mulleres non facendo limitación de idade aceptando maiores de 21 anos , Zhang R ⁽²⁰⁾ selecciona un rango máis amplío aceptando homes e mulleres con idades entre 18-71.

Ao igual que ocorre ca PMR non se apreciou diferenca entre os resultados con respecto a xénero e idade. Tampouco se acharon datos da efectividade do Mindfulness en relación o xénero e a idade

TÁBOA II : EXTRACCIÓN DE DATOS SOBRE MINDFULNESS

Artigo	Tipo de estudo	Tamaño da mostra	Idade	Xénero	Tempo de intervención	Calidade de sono.		
						Medición	Nº de medicións	Resultados
Lengacher CA. ⁽¹⁹⁾	ECA	84 (GE = 41, GC = 43)	>21	Mulleres (cancro de peito)	- Sesións de 2h durante 6 semanas - Con sesións de soporte emocional e discusións en grupo sobre as barreiras a practica e material educativo sobre a relaxación	MDASI	2 medicións pre y post intervención	73 % prevalencia de problemas para durmir nas participantes o inicio do estudo. - GC pre-test vs post-tes p = 0.01 (p < 0.05), - GI pre-test vs post-tes p = 0.009 (p < 0.01)
Zhang R ⁽²⁰⁾	ECA	62 (GE = 33, GC = 32)	18-71	Homes e Mulleres	- Sesións de 30-40 min durante a infusión intravenosa de quimioterapia - 7 episodios de meditación repartidos en 5 semanas. - Episodios emitidos mediante un reprodutor de son ou un telefono móbil e instrucións dos cuidadores	PSQI (versión china)	2 medicións pre y post intervención	- Pre-test GC vs pre-test GI P = 0.523 (p > 0.05) - GI pre-test vs post-tes p = 0.002 (p < 0.01) - GC pre-test vs post-tes p = 0.321 (p > 0.05) - Post-test GC vs post-test GI P = 0.001 (p < 0.01)

TÁBOA III : comparativa de resultados de Mindfulness e PMR

Artigo	Tipo de estudo	Tamaño da mostra	Tipo de terapia	Idade	Xénero	Tempo de intervención	Calidade de sono.		
							Medición	Nº de medicións	Resultados
Demiralp M. ⁽¹⁸⁾	Cuasi-experimental prospectivo	27 (GE = 14, GC = 13)	PMR	25-65	Mulleres (cancro de peito)	<ul style="list-style-type: none"> - Sesións de 25-30 min - 1ºe 5º día de cada ciclo de quimioterapia (durante 4 ciclos) - TOTAL: 8 sesión (non consecutivas) en 95 días. 	PSQI (puntuación > 5 = calidade do sono pobre)	4 medicións 1ª Antes do inicio de PMR e do inicio da quimioterapia. 2ª Día 7, 1º ciclo de quimio con PMR xa iniciada 3ª Día 43, 1º día do 3º ciclo, 4ª Día 90, 4º ciclo,	1ª GC e GI > 5 (p >0.05) 2ª GC ±7, GI ± 5 (p >0.05) 3ª GC > 5, GI < 5 (p < 0.05) 4ª GC > 5, GI < 5 (p < 0.05)
Lengacher CA. ⁽¹⁹⁾	ECA	84 (GE = 41, GC = 43)	Mindfulness	>21	Mulleres (cancro de peito)	<ul style="list-style-type: none"> - Sesións de 2h durante 6 semanas - Con sesións de soporte emocional e discusións en grupo sobre as barreiras a practica - Material educativo sobre relaxación 	MDASI	2 medicións pre y post intervención	<ul style="list-style-type: none"> - GC pre-test vs post-tes p = 0.01 (p < 0.05), - GI pre-test vs post-tes p = 0.009 (p < 0.01)

						- Deberes para realizar na casa			
Yang XL. (21)	ECA	79 (GE PMR = 26, GE caligrafía China = 24 GC = 29)	PMR + GI	18-80	Homes e mulleres	- Sesións de 20 min diarios de PMR, 5 días a semana 4 semanas consecutivas - Sesións de 10 min IG despois de cada sesión de PMR, mediante unha gravación de mp3. - TOTAL: 20 sesións	SDS (ítem - insomnio)	4 medicións SCS: 1ª Pre-intervención 2ª 2 semanas despois do inicio 3ª Última semana de intervención 4ª 2 semanas despois de acabar a intervención.	1ª GC vs GI P = 0.936 (P >0.05) 2ª GC vs GI P = 0.001 (p < 0.05) 3ª GC vs GI P = 0.004 (p < 0.05) 4ª GC vs GI P = 0.003 (p < 0.05)
Zhang R. (20)	ECA	62 (GE = 33, GC = 32)	Mindfulness	18-71	Homes e Mulleres	- Sesións de 30-40 min durante a infusión intravenosa de quimioterapia - 7 episodios de meditación repartidos en 5 semanas. - Episodios emitidos mediante un reprodutor de son ou un teléfono móbil e	PSQI (versión china)	2 medicións pre y post intervención	- Pre-test GC vs pre-test GI P = 0.523 (p >0.05) - GI pre-test vs post-test p = 0.002 (p < 0.01) - GC pre-test vs post-test p = 0.321 (p > 0.05) - Post-test GC vs post-test GI P = 0.001 (p < 0.01)

						instrucións coidadores	dos			
--	--	--	--	--	--	---------------------------	-----	--	--	--

2. DISCUSIÓN

O obxectivo do noso estudio foi coñecer si existe evidencia científica sobre a efectividade dos métodos de relaxación empregados pola enfermaría para o tratamento do insomnio en pacientes oncolóxicos.

Das 5 terapias de relaxación que se sometían a estudo (Músicoterapia, Meditación, Respiración rítmica, Relaxación mandibular e Relaxación muscular progresiva) so atopamos 4 estudos que analizaran o Mindfulness^(19, 20) e a PMR^{(18) (21)}. Sorpréndenos o feito de a falta de estudos sobre a musicoterapia en especial, xa que é unha das técnicas de relaxación máis empregadas pola enfermería e que demostrou ser eficaz en pacientes con problemas do sono ⁽⁵⁾.

Na nosa opinión, trátase de poucos estudos, dado o tema. Atopamos varias razóns para esta falta de estudos, consideramos que a TCC está sendo máis estudada e empregada como tratamento do insomnio. Súmase o descoñecemento da necesidade de estudos sobre este tipo de prácticas para coñecer a súa efectividade, ou simplemente a falta de uso de estas técnicas en pacientes oncolóxicos. Amais da medicalización da vida, en especial de este tipo de enfermidades.

